PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/10/2024 10:51:47
Nº Rexistro: 3342
Data envio: 19/10/2024 10:51:47.885

PARLAMENTO DE GALICIA

O Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, xunto coa súa documentación anexa, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia o 17 de outubro de 2024, tivo entrada no Rexistro do Parlamento de Galicia o 19 de outubro de 2024 (núm. de Rexistro 13638).

A Mesa do Parlamento, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do 19 de outubro de 2024, acordou, ao abeiro do disposto no artigo 111.2 do Regulamento, a tramitación do proxecto de lei, a súa asignación á Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos e a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.*

Sublíñase que, ao abeiro do artigo 68.2 do Regulamento, se declaran hábiles para os efectos parlamentarios os luns e sábados e a tramitación do Proxecto de lei de orzamentos someterase, logo do cumprimento dos requisitos regulamentarios, ao seguinte calendario:

1.- Publicación: o 19 de outubro de 2024.

2.- Solicitudes de comparecencias: ata as 14.00 horas do 21 de outubro de 2024.

3.- Celebración de comparecencias ante a Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos: os días 24, 25, 28 e 29, 30 e 31 de outubro e 4 e 7 de novembro de 2024.

4.- Presentación de emendas:

a) Á totalidade: ata o 7 de novembro de 2024, ás 18.30 horas.

b) Ao articulado e aos estados de gastos: ata o 16 de novembro de 2024, ás 13.00 horas.

5.- Debate de totalidade ante o Pleno: o 18 de novembro de 2024.

6.- Informe da Ponencia: os días 26 e 27 de novembro de 2024.

7.- Ditame da Comisión: os días 5, 9 e 10 de decembro de 2024.

8.- Debate do ditame no Pleno: o 17 de decembro de 2024.

Así mesmo, tendo en conta o disposto nos artigos 129 a 131 do Regulamento, deben terse en conta para a presentación de emendas as seguintes regras:

I.- Incluiranse no debate de totalidade (artigo 130.1):

1.- As emendas que postulen a súa devolución global ou de calquera sección ou centro xestor de gastos.

2.- As que afecten a contías globais dos orzamentos ou transfiran créditos entre as seccións.

Deputado/Deputada
Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto
Presidentes e presidentas de Comisións
Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.

CSV: REXISTRO-CWtuPnqhR-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/10/2024 10:51:47
Nº Rexistro: 3342
Data envio: 19/10/2024 10:51:47.885

PARLAMENTO DE GALICIA

II.- Respecto da tramitación das emendas parciais terase en conta que:

1.- Para os efectos do artigo 129.3 do Regulamento, o concepto de sección equivalerá aos grandes centros xestores do gasto do presente orzamento. Polo tanto, as emendas parciais deberanse referir a partidas ou conceptos que se atopen na mesma sección.

2.- As emendas parciais, como requisito para a súa admisión a trámite, ademais de sinalar o programa no que recaian, terán que consignar o número económico da sección e do servizo ao que o orzamento lles atribúa a súa xestión.

3.- De conformidade co artigo 129.3 do Regulamento, cada emenda debe comprender o crédito que se aumenta e a baixa de igual contía na mesma sección.

Advírtese tamén que a publicación comprende exclusivamente o texto articulado cos anexos complementarios correspondentes. O resto da documentación está á disposición dos deputados e das deputadas nos grupos parlamentarios respectivos.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.10.19 10:49:31 +02'00'

Deputado/Deputada
Portavoz do G.P. Popular de Galicia
Portavoz do G.P. do Bloque Nacionalista Galego
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia
Portavoz do G.P. Mixto
Presidentes e presidentas de Comisións
Directora Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.

CSV: REXISTRO-CWtuPnqhR-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

CALENDARIO DE TRAMITACIÓN DO PROXECTO DE LEI XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/10/2024 10:51:47
Nº Rexistro: 3342
Data envio: 19/10/2024 10:51:47.885

OUTUBRO	19 (sábado)	**PRESENTACIÓN DOS ORZAMENTOS**
	19 (sábado)	**MESA** (10.00 hs.) Cualificación e admisión a trámite e aprobación do calendario de tramitación do proxecto de lei. **XUNTA DE PORTAVOCES** (10.30 hs.) Asignación á comisión competente, audiencia en relación co calendario de tramitación.
	19 (sábado)	PUBLICACIÓN DO PROXECTO DE LEI NO BOPG.
	21 (luns, ás 14:00 hs.)	REMATA PRAZO SOLICITUDE COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3.ª
	21 (luns)	CALENDARIO COMPARECENCIAS A FIXAR POLA MESA DA COMISIÓN 3.ª
	22 (martes) 23 (mércores)	**PLENO** **PLENO**
	24 (xoves) 25 (venres) 28 (luns) 29 (martes)	COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3.ª COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3.ª COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3.ª COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3.ª
	29 (martes) 30 (mércores) 31 (xoves)	**MESA** (10:30 hs.) **XUNTA DE PORTAVOCES** (11:30 hs.) Para fixar a orde do día do Pleno do 5 e 6 de novembro. COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3.ª COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3.ª
NOVEMBRO	4 (luns)	COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3.ª
	5 (martes) 6 (mércores) **7 (xoves, 18:30 hs.)**	**PLENO** **PLENO** **REMATE DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS EMENDAS Á TOTALIDADE**
	7 (xoves)	COMPARECENCIAS NA COMISIÓN 3.ª
	11 (luns)	CUALIFICACIÓN DAS EMENDAS Á TOTALIDADE POLA MESA DA COM. 3.ª
	12 (martes)	PUBLICACIÓN EMENDAS Á TOTALIDADE NO BOPG
	12 (martes)	**MESA** (10:30 hs.) **XUNTA DE PORTAVOCES** (11:30 hs.). Para fixar a orde do día do Pleno para o debate orzamentario de totalidade do 18 de novembro e do Pleno do 19 de novembro.
	16 (sábado, 13.00 hs.)	**REMATE DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS EMENDAS PARCIAIS**
	18 (luns) 19 (martes) 20 (mércores)	**PLENO DO DEBATE DE TOTALIDADE DE ORZAMENTOS** **PLENO** **PLENO**
	22 (venres)	- CUALIFICACIÓN DAS EMENDAS PARCIAIS POLA MESA COM. 3.ª - CONVOCATORIA DA COMISIÓN 3.ª PARA A DESIGNACIÓN DA PONENCIA.
	22 (venres)	PUBLICACIÓN DAS EMENDAS PARCIAIS NO BOPG.
	25 (luns)	REUNIÓN COMISIÓN 3.ª E DESIGNACIÓN DA PONENCIA

CSV: REXISTRO-CWtuPnqhR-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/10/2024 10:51:47
Nº Rexistro: 3342
Data envio: 19/10/2024 10:51:47.885

	26 (martes)	**MESA** (10:30 hs.) **XUNTA DE PORTAVOCES** (11:30 hs.). Para fixar a orde do día do Pleno 3 e 4 decembro.
	26 (martes) 27 (mércores)	**INFORME DE PONENCIA** **INFORME DA PONENCIA**
DECEMBRO	3 (martes) 4 (mércores)	**PLENO** **PLENO**
	4 (mércores)	PUBLICACIÓN DO INFORME DA PONENCIA NO BOPG.
	4 (mércores)	MESA DA COMISIÓN 3.ª: CONVOCATORIA DA COM. 3.ª PARA A ELABORACIÓN DO DITAME
	5 (xoves) 9 (luns) 10 (martes)	**DITAME DA COMISIÓN** **DITAME DA COMISIÓN** **DITAME DA COMISIÓN** (escritos de mantemento de emendas e, se é o caso, de formalización de votos particulares)
	11 (mércores)	**MESA** (10:30 hs.) **XUNTA DE PORTAVOCES** (11.30 hs.). Para fixar a orde do día do Pleno 17 decembro.
	11 (mércores)	PUBLICACIÓN DO DITAME DA COMISIÓN
	12 (xoves)	MANTEMENTO DE EMENDAS E FORMULACIÓN DE VOTOS PARTICULARES
	17 (martes)	**PLENO ORZAMENTARIO**
	18 (mércores)	**PLENO**

CSV: REXISTRO-CWtuPnqhR-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 19/10/2024 10:51:47
Nº Rexistro: 3342
Data envio: 19/10/2024 10:51:47.885

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 19/10/2024 10:49:31

CSV: REXISTRO-CWtuPnqhR-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/